

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027873	Afonso X O Sabio	Cambre	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0449	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0449_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74
MP0449_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SONSOLES GARCÍA SAAVEDRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Búscase que o alumno consiga as habilidades precisas, para en primeiro lugar atopar traballo no seu sector, e en segundo termo coñeza os dereitos e obrigas derivados da relación laboral e do ámbito onde desenvolve a súa actividade, ademais de saber traballar en equipo con outros profesionais do sector administrativo e financeiro. Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas.

Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia. Resolver as incidencias identificando as causas, adaptarse as novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos actualizando os coñecementos e utilizando os recursos existentes ao longo da súa vida laboral, e as tecnoloxías da comunicación e da información.

A parte de Seguridade e Hixiene, contén ensinanzas que lle facilitarán a súa incorporación ao mundo do traballo ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás precisas de nivel básico en prevención de riscos laborais, tal e como se establecen no RD 39/97 do 17 de xaneiro no Regulamento dos servizos de prevención laborais o que aumenta a empregabilidade do alumnado que o supere. En todo caso estará capacitado para aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e de protección ambiental no seu ámbito produtivo.

Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica e cultural sería o fin deste módulo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe			
					MP0449_12				MP0449_22			
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA1	RA2	RA3	RA4
1	A relación laboral e o contrato de traballo	Tratarase todo o relativo á relación laboral e o contrato de traballo, tipos de contrato, xornada de traballo e salario. Posibles alteracións no contrato de traballo, como modificación, suspensión e extinción. Por último, abordarase a participación de traballadores e conflitos colectivos de traballo.	50	30						X		
2	A Seguridade Social	Estructura da Seguridade Social, dereitos e obrigas de empresarios e traballadores e análise da súa acción protectora, incluíndo a protección por desemprego.	8	10							X	
3	O traballo en equipo	Concepto e características do traballo en equipo eficiente, identificación dos conflitos que poidan xurdir e o emprego da negociación como vía para a solución de conflitos.	8	5					X			
4	O mercado de traballo e a procura de emprego	Elaboración do itinerario formativo e profesional en base ao coñecemento dun mesmo, e aplicación das técnicas de procura de emprego.	8	5								X
5	Condicións de traballo e saúde	Introducción ao marco de prevención de riscos, relación entre traballo e saúde. Estudaránse conceptos básicos de prevención, tales como risco e dano, así como as obrigas de empresarios e traballadores en materia preventiva.	10	10	X							
6	Factores de risco no ámbito laboral e a súa avaliación	Identificación e avaliación dos riscos profesionais diferenciando a súa orixe, así como os danos profesionais que se deriven, facendo especial fincapé no sector administrativo e financeiro.	12	10		X						
7	Xestión da prevención na empresa	Partindo dos riscos profesionais, determinaránse as formas de organización da prevención na empresa, a participación dos traballadores en materia de prevención de riscos e elaboraranse o contido dun Plan de Prevención, a través do cal integrarase a acción preventiva na empresa.	17	15			X					
8	Execución de medidas de prevención e protección	Unha vez planificada a acción preventiva, aplicaránse as medidas de prevención e protección fronte aos riscos laborais. Determinarase o protocolo a seguir en caso de emerxencia e evacuación e aplicaránse as técnicas básicas de primeiros auxilios.	15	15				X				
Total:			128									

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A relación laboral e o contrato de traballo	50

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir o Dereito do Traballo e afondar na súa evolución 1.2 Identificar os rasgos distintivos dunha relación laboral, os traballos excluídos e as relacións laborais de carácter especial 1.3 Recoñecer as principais fontes do Dereito do Traballo: O Estatuto de Traballadores e os convenios colectivos 1.4 Distinguir os organismos que interveñen nas relacións laborais 1.5 Interpretar os principios de aplicación das normas laborais, especialmente os específicos do Dereito do Traballo	1	O Dereito do Traballo: concepto e fontes	8,0
2.1 Identificar os elementos do contrato de traballo: partes (empresario e traballador), forma e duración 2.2 Recoñecer os dereitos e obrigas derivados do contrato de traballo, especialmente o referente a potestades empresariais e dereitos laborais 2.3 Describir os tipos de contratos máis usuais na actualidade, distinguindo entre indefinidos e temporais, con especial fincapé nas medidas de fomento da contratación	2	O contrato de traballo: Xeneralidades e modalidades de contratación	10,0
3.1 Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, xornada de traballo, descansos, permisos.. 3.2 Comparar as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en xestión administrativa, coas previstas por lei 3.3 Analizar o recibo de salarios e os principais elementos que o integran	3	A xornada de traballo e a súa duración	14,0
4.1 Identificar as causas e efectos da modificación do contrato: mobilidade funcional, xeográfica e modificación sustancial das condicións de traballo 4.2 Identificar as causas e efectos da suspensión do contrato, con especial referencia á excedencia e as súas clases 4.3 Recoñecer as causas de extinción do contrato, con especial fincapé no despedimento e a as opcións do traballador ante o mesmo	4	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	12,0
5.1 Identificar os órganos de representación dos traballadores na empresa: delegados de persoal e comités de empresa 5.2 Definir os sindicatos e as organizacións sindicais máis representativas 5.3 Recoñecer o dereito á negociación colectiva e norma emanada: o convenio colectivo, os seu contido mínimo, ámbitos e proceso de negociación 5.4 Definir os conflitos colectivos, a folga e o peche patronal, as súas causas e procedementos para a súa solución	5	As relacións laborais colectivas	6,0
TOTAL			50

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	● PE.1 - Fontes e principios do dereito de traballo	S	5
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	● PE.2	N	5
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.	● PE.3 - Elementos do contrato de traballo	S	5
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.			0
CA2.4.1 Análizáronse as principais modalidades de contratación	● PE.4 - Modalidades de contratación	S	15
CA2.4.2 Identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos	● LC.1 - Fomento da contratación	S	5
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.	● PE.5 - Dereitos e obrigas	S	10
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en xestión administrativa.	● PE.6 - Condicións de traballo pactadas	S	10
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.	● LC.2 - Medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar	N	5
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.	● PE.7 - Elementos do recibo de salarios	S	10
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.			0
CA2.9.1 Identifícanse as causas da modificación, suspensión e extinción da relación laboral	● PE.8 - causas da modificación, suspensión e extinción da relación laboral	S	5
CA2.9.2 Identifícanse os efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral	● PE.9 - efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral	S	10
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	● PE.10 - Órganos de representación das persoas traballadoras na empresa	S	5
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	● PE.11 - Conflitos colectivos na empresa	S	5
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	● PE.12 - Novos contornos de organización do traballo	N	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

Contidos
<p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Modalidades de contrato</p> <p>Medidas de fomento da contratación</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.</p> <p>Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.</p> <p>Causas da modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo</p> <p>Efectos da modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo</p> <p>Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>O Dereito do Traballo: concepto e fontes - Concepto de Dereito Laboral, fontes, rasgos que definen a relación laboral, traballos excluídos da súa regulación e principios básicos do Dereito do Traballo</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación das características propias dunha relación para ser calificada como laboral, así como relacións excluídas e de carácter especial. • Explicación das normas que compoñen o dereito de traballo e a súa orde xerárquica. • Explicación dos principios específicos do Dereito de Traballo, especialmente norma máis favorable e condición máis beneficiosa. • Explicación dos órganos encargados de velar polo cumprimento de normas laborais, facendo especial fincapé na Inspección de Traballo e no Poder xudicial. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura de información sobre a evolución histórica do dereito de traballo. • Lectura de artigos da Constitución española especialmente relacionados cos dereitos laborais. • Resolución de casos prácticos sobre a orde xerárquica das normas laborais. • Casos prácticos sobre relacións laborais, excluídas ou de carácter especial con xustificación da súa elección. • Casos prácticos sobre a orde dos órganos do poder xudicial, e as súas competencias. • Resolución de casos prácticos sobre os principios de aplicación do dereito laboral, cando concurren varias normas nun caso concreto. Corrección e posta en común. 	<ul style="list-style-type: none"> • Artigos comentados. • Información atopada. • Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto. • Apuntes facilitados pola profesora. • Constitución. • Lexislación Social básica (Estatuto de Traballadores) 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Fontes e principios do dereito de traballo • PE.2 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O contrato de traballo: Xeneralidades e modalidades de contratación - Concepto de contrato laboral, partes do contrato e forma do mesmo. Dereitos e obrigas derivados do contrato. Tipos de contratos, diferenciando entre indefinidos e temporais	<ul style="list-style-type: none"> Sondaxe entre o alumnado sobre aspectos xerais da relación laboral, como a capacidade para contratar, período de proba e forma do contrato de traballo. Explicación da capacidade para contratar, a forma, o período de proba e o sistema de clasificación e promoción profesional. Explicación dos distintos dereitos e obrigas derivados do contrato de traballo. Esquema no que se relacionen os dereitos do traballador coas obrigas do empresario. Explicación de cada modalidade contractual e, coa axuda da web https://www.sepe.es, ensinarase onde atopar e cómo cubrir cada modelo de contrato. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación, en supostos prácticos, da capacidade de contratación laboral, da forma do contrato requirida para algunhas modalidades de contratación, e dos dereitos dos traballadores en período de proba. Lectura do articulado do TRET e do convenio colectivo no que se desenrolan os dereitos e deberes laborais. Resolución de casos prácticos sobre dereitos e obrigas laborais. Esquema dos distintos tipos de contratos, segundo a súa duración e xornada. Cumprimentación dun contrato de traballo cuns datos ficticios. Resolución de distintos casos prácticos nos que, dados uns datos, tentará averiguar qué modalidade contractual é a máis axeitada, xustificando a súa resposta. Resolución de cuestións prantexadas relativas aos requisitos, forma, duración de cada modalidade contractual. Localización en Internet e identificación das medidas de fomento de emprego vixentes nese momento. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquemas. Artigos lidos. Información atopada. Casos prácticos resoltos. Contratos cubertos. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto. Apuntes da profesora. Textos legais. Internet (3w.redtrabaja.es) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Fomento da contratación PE.3 - Elementos do contrato de traballo PE.4 - Modalidades de contratación PE.5 - Dereitos e obrigas 	10,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>A xornada de traballo e a súa duración - Tempo de traballo e distribución, descansos, vacacións, permisos, traballo a quendas, traballos nocturnos, festivos. O salario e os sus compoñenes: a nómina ou recibo de salarios</p>	<ul style="list-style-type: none"> Sondaxe entre o alumnado para analizar os coñecementos mínimos nesta materia. Explicación da normativa laboral en materia de xornada laboral. Esquema sobre a xornada máxima de traballo, descansos mínimos, vacacións, permisos, festas laborais, traballo nocturno e as quendas. Explicación dos diferentes aspectos relativos á retribución do traballo, garantías do salario e estrutura do mesmo. O profesor proporcionará unha nómina cumplimentada, como punto de partida para explicar a súa confección. Explicación dos pasos a seguir para o cálculo da nómina, incidindo nos descontos a Seguridade Social e IRPF, a fin de obter o salario neto a percibir. Elaboración de proba escrita ao término desta actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos prácticos sobre xornada máxima de traballo, descansos mínimos, vacacións, permisos, festas laborais, traballo nocturno e a quendas, diferenciando entre maiores e menores de idade. En grupos de 2 ou 3 os alumnos farán unha análise comparativa entre o TRET e o convenio colectivo do sector en materia de xornada laboral, para logo expoñer as conclusións oralmente e analizar a súa transcendencia. Procura en Internet do SMI para o presente ano, así como das bases máximas e mínimas e tipos de cotización á Seguridade Social. Identificación de distintos conceptos retributivos indicando se son ou non salariais. Casos prácticos de recibo de salarios e cumprimentación da nómina ou folla de salarios correspondente. Resolución de proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquemas. Casos prácticos e exercicios resoltos. Nóminas resoltas. Proba escrita resolta. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto. Apuntes da profesora. Pizarra. Textos legais (TRET). Internet (páxina da Seguridade Social). 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar PE.6 - Condicións de traballo pactadas PE.7 - Elementos do recibo de salarios 	14,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo - Principais alteracións do contrato de traballo: modificación, suspensión e extinción da relación laboral, con especial referencia ao despedimento	<ul style="list-style-type: none"> ● Introducción sobre os conceptos de mobilidade funcional, xeográfica e modificación substancial das condicións de traballo. ● Explicación do concepto de finiquito, dos diferentes conceptos que o integran, e do procedemento de cálculo. O profesor facilitará ao alumnado un suposto resolto de cálculo integral dun finiquito e comentará o procedemento de cálculo explicado anteriormente. ● Esquema da modificación do contrato de traballo. ● Explicación por parte do profesor do concepto de suspensión do contrato de traballo. ● Esquema dos requisitos, duración e consecuencias das excedencias. ● O profesor facilitará ao alumnado un texto que recolla o artigo 49 do TRLET, para que identifique diferentes situacións que dan lugar á extinción do contrato de traballo. ● Explicación do profesor da extinción do contrato de traballo, especificando as causas que o motivan, o procedemento a seguir e as consecuencias para o traballador derivadas da distinta calificación xudicial que mereza o seu despedimento. ● Esquema sobre as indemnizacións por despido. ● Explicación sobre o cálculo dunha indemnización por despido, no que se identifique o tipo de 	<ul style="list-style-type: none"> ● Resolución de actividades prácticas sobre a modificación do contrato de traballo, de forma que se analice ao menos, un suposto de cada unha das modalidades de modificación do contrato. ● Realización dunha táboa de indemnizacións, que resuma as que correspondan ao traballador tendo en conta os diferentes supostos de extinción do contrato de traballo. ● Supostos prácticos sinxelos de cálculo de indemnizacións. ● Resolución de supostos prácticos de cálculo de finiquito en diferentes supostos de extinción do contrato de traballo. Corrección e posta en común. ● Lectura de artigos de prensa ou de internet, que recollan noticias de actualidade relacionadas coa modificación do contrato de traballo, e realización dun cuestionario sobre as conclusións extraídas. ● Actividades prácticas sobre as excedencias. Corrección e posta en común. ● Resolución de supostos prácticos e preguntas teóricas sobre as causas de suspensión do contrato, medidas recollidas na lexislación laboral para a conciliación familiar e laboral das persoas traballadoras e identificación das medidas de protección de vítimas de violencia de xénero relacionadas coa suspensión do contrato de traballo. Corrección. ● Actividade práctica sobre as causas da extinción do contrato, a partir do texto do artigo 49 TRLET facilitado 	<ul style="list-style-type: none"> ● Casos prácticos resoltos. ● Cuestionarios resoltos. ● Esquemas. ● Cadro comparativo entre o despedimento disciplinario e por causas obxectivas. ● Táboa de indemnizacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Pizarra. ● Libro de texto. ● Apuntes da profesora. ● Textos legais ● Artigos de prensa. ● Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ● PE.8 - causas da modificación, suspensión e extinción da relación laboral ● PE.9 - efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral 	12,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<p>despido aplicable segundo as súas causas².</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sondaxe entre o alumnado sobre o concepto, o contido e o significado do finiquito. 	<p>polo profesor. Os alumnos, en parellas, proporán dúas situacións de extinción do contrato de traballo, identificando as causas do artigo 49 do TRLET coas que gardan relación. Posta en común.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario sobre diferentes aspectos relacionados coa extinción do contrato, con preguntas sobre relativas ao despedimento. • Realización dun cadro comparativo entre o despedimento disciplinario e por causas obxectivas. • Resolución de casos prácticos nos que se deben distinguir as causas, os requisitos formais e os efectos da súa diferente cualificación xudicial, de despedimentos disciplinarios e por causas obxectivas. • Resolución de casos prácticos sobre o despedimento colectivo e o despedimento por forza maior. 				

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As relacións laborais colectivas - Representantes dos traballadores na empresa, sindicatos, negociación colectiva e conflitos colectivos: folga e peche patronal	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación sobre as diferencias entre a representación unitaria e sindical dos traballadores. Referencia ao dereito a liberdade sindical e a condición de maior representatividade sindical. • Esquema sobre os diferentes tipos de representación laboral dos traballadores. • Breve introdución sobre concepto de negociación colectiva e da súa importancia como fonte do dereito laboral. • Explicación do concepto, ámbito de aplicación, lexitimación para negociar e contido mínimo do convenio colectivo, así como do procedemento para a súa negociación. • Explicación do concepto, causas, clases e procedementos de solución dos conflitos colectivos, con especial fincapé na folga como dereito fundamental dos traballadores. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de cuestións teóricas e prácticas sobre os sindicatos e os representantes dos traballadores dentro da empresa. • Lectura de artigos de prensa ou de internet, se é o caso, que recollan noticias de actualidade relacionadas coa representación dos traballadores. • Resolución de cuestións teóricas e prácticas sobre a negociación colectiva e os convenios colectivos. Resolución dun cuestionario relativo á regulamentación das condicións de traballo no sector profesional e a diferenza ou non respecto ás condicións fixadas polo Estatuto dos Traballadores. Posta en común. • Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito preofesional da titulación de técnico en xestión administrativa. • Realización dun cadro comparativo entre a folga e o peche patronal. • Realización dun cadro comparativo dos diferentes procedementos de solución extraxudicial dos conflitos • Lectura de artigos de prensa ou de Internet relacionados con conflitos colectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Esquemas. • Cadros comparativos resoltos entre: folga e peche patronal e procedementos de solución de conflitos. • Cuestións teóricas e prácticas resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes da profesora. • Textos legais (TRET, Constitución española, LOLS..). • Pizarra. • Internet. • Libro de texto. • Prensa. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.10 - Órganos de representación das persoas traballadoras na empresa • PE.11 - Conflitos colectivos na empresa • PE.12 - Novos contornos de organización do traballo 	6,0
TOTAL						50,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A Seguridade Social	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.2 Diferenciar entre prestacións contributivas e non contributivas 1.3 Diferenciar os distintos rexímenes que a integran e as súas características básicas 1.1 Valorar o papel da Seguridade Social como pilar básico do Estado do bienestar	1	Estrutura da Seguridade Social	1,0
2.1 Identificar as principais obrigas de empresarios e traballadores para o adecuado cumprimento da normativa vixente: altas, baixas e cotizacións 2.2 Calcular bases e cuotas de cotización	2	Obrigas de empresarios e traballadores	1,0
3.1 Identificar e calcular as principais prestacións contributivas e maila súa duración e requisitos 3.2 Determinar as situacións legais de desemprego en supostos prácticos 3.3 Calcular prestacións de desemprego a nivel contributivo	3	Principais prestacións contributivas da Seguridade Social	6,0
TOTAL			8

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	● TO.1 - A Seguridade Social como pilar esencial do estado social	N	5
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.	● PE.1 - A estrutura do sistema da Seguridade Social	S	5
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	● PE.2 - Cálculo de bases e cuotas de cotización	S	5
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.	● PE.3 - Prestacións contributivas da Seguridade Social, requisitos, duración e cálculo	S	50
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.	● PE.4 - Prestacións por desemprego	S	30
CA3.6 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego a nivel non contributivo ou asistencial	● PE.5 - Desemprego a nivel non contributivo	N	5
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>A Seguridade Social como pilar do estado social.</p> <p>Estrutura do sistema de Seguridade Social.</p> <p>Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.</p> <p style="color: green;">Identificación e cálculo das bases de cotización dunha persoa traballadora, e ás cotas correspondentes a ela e á empresa (CA 3.3)</p> <p>Protección por desemprego.</p> <p style="color: blue;">Subsidio por desemprego: modalidade non contributiva ou asistencial</p> <p>Prestacións contributivas da Seguridade Social.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estrutura da Seguridade Social - Introducción ao sistema de Seguridade Social, con referencia a súa función protectora e aos rexímenes que a forman	<ul style="list-style-type: none"> Sondaxe entre o alumnado sobre o concepto de Seguridade Social. Explicación do concepto, características e estrutura da Seguridade Social partindo das aportacións dos alumnos. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito preofesional da titulación de técnico en xestión administrativa. 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos interveñen e explican verbalmente o que eles entenden por Seguridade Social, e, a partir das súas aportacións e das orientacións da profesora, elaborárase conxuntamente unha definición de Seguridade Social. Resolución dun suposto práctico facilitado pola profesora no que se relacionarán diferentes situacións de traballo cos rexímenes da Seguridade Social. Posta en común dos supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos e cuestións teóricas resoltas 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto. Textos legais. Apuntes e material facilitados pola profesora. Internet (web da Seguridade Social) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - A estrutura do sistema da Seguridade Social TO.1 - A Seguridade Social como pilar esencial do estado social 	1,0
Obrigas de empresarios e traballadores - Recoñecemento das obrigas de empresarios e traballadores en materia de Seguridade Social	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das obrigas de persoas traballadoras e empresarios en materia de Seguridade Social. Explicación do concepto e do cálculo das Bases de cotización á Seguridade Social das persoas traballadoras. Esquema dos tipos de cotización á Seguridade Social e un suposto resolto de cálculo das bases e cotas mensuais dun traballador. 	<ul style="list-style-type: none"> Procura de información na páxina web da Seguridade Social das diferentes obrigas de traballadores e empresarios, tipos e cotas de cotización á Seguridade Social, previa á explicación da profesora, e posta en común desa información. Resolución de diferentes supostos de cálculo de bases e cotas de cotización. Posta en común e corrección dos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos teórico- prácticos. Esquema para o cálculo das bases e cotas de cotización. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes e material facilitados pola profesora Internet Encerado Libro de texto Textos legais 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cálculo de bases e cotas de cotización 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
